



A Comisión Galega da Competencia incoa expediente sancionador contra NAVIERA ILLA DE ONS, S.L., VIAJES ILLA DE ONS, S.L. (VIO VIAJES) e INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A., por posible práctica restrictiva da competencia.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.

O pasado 19 de setembro de 2017, a Comisión Galega da Competencia, a través da súa Subdirección de Investigación, ten incoado expediente sancionador contra as empresas NAVIERA ILLA DE ONS, S.L., VIAJES ILLA DE ONS, S.L. (VIO VIAJES) e INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A..

O expediente trae causa na denuncia presentada por dúas das empresas autorizadas para a realización do transporte de viaxeiros á Illa de Ons, no Parque Nacional das Illas Atlánticas, NAVIERA MAR DE ONS, S.L. e CRUCEROS RIAS BAJAS, S.L., que denunciaron a comercialización por parte da empresa INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A., titular da concesión do único cámping oficial existente na citada illa, das reservas do mesmo a través dunha única axencia de viaxes, VIAJES ILLA DE ONS, S.L. (VIO VIAJES), que é accionista da primeira, nun paquete combinado no que se inclúe o transporte marítimo, tamén en réxime de exclusiva, con NAVIERA ILLA DE ONS, S.L., coa que tamén mantén vínculos societarios.

De este xeito, a exclusividade da explotación do cámping, estaría a afectar, de xeito, en principio anticompetitivo, ao mercado do transporte marítimo de viaxeiros á Illa de Ons, favorecendo a un dos competidores existentes (NAVIERA ILLA DE ONS, S.L.), deixando fora do mercado as outras navieiras cando os potenciais usuarios do servizo de transporte desexaran utilizar tamén as instalacións do cámping.